




RUTA DOS MUÍÑOS DA FREIXA

Inicio: Área Deportiva de A Seca (San Xoán de Poio)
Fin: Área Deportiva de A Seca (San Xoán de Poio)
Distancia: 1,8 Km (Ida e volta)
Dificultade: Baixa

A ruta dos Muíños da Freixa percorre o tramo final do Regato da Cancela, na parroquia de San Xoán, onde un total de 7 muíños danlle sentido histórico e cultural á visita desta fermosa zona natural.

No entorno inmediato ao inicio deste percorrido encóntrase a desembocadura do regato, a área deportiva de A Seca e amplas zonas verdes, así como o Parque da Memoria obra do Premio Nobel da Paz, Pérez Esquivel.

Regato arriba a apenas 1 km. do final da ruta encóntranse a Casa do Concello e o Mosteiro, situados nun enclave patrimonial privilexiado.



Inicio: Área Deportiva de A Seca (San Xoán de Poio)
Fin: Área Deportiva de A Seca (San Xoán de Poio)
Distancia: 1,8 Km (Ida y vuelta)
Dificultad: Baja

La ruta de los “Muíños da Freixa” recorre el tramo final del Regato da Cancela, en la parroquia de San Xoán, donde un total de 7 molinos le dan sentido histórico y cultural a la visita de esta hermosa zona natural.

En el entorno inmediato al inicio de este recorrido se encuentra la desembocadura del “regato”, el área deportiva de A Seca y amplias zonas verdes, así como el “Parque da Memoria” obra del Premio Nobel de la Paz, Pérez Esquivel.

“Regato” arriba a apenas 1 km. del final de la ruta se encuentra el Ayuntamiento y el Monasterio, situados en un enclave patrimonial privilegiado.



RUTAS^{dos} MUÍÑOS



RUTA DOS MUÍÑOS DE SAMIEIRA

Inicio: Praza de Alfredo Romay Besada (Samieira)
Fin: Praza de Alfredo Romay Besada (Samieira)
Distancia: 5,5 Km (Ida e volta)
Dificultade: Baixa

A ruta dos muíños de Samieira é un percorrido pola historia do río Freiría que nos mostra un conxunto etnográfico formado por 23 muíños.

O nome do río Freiría, tamén chamado Rego dos Muíños, ten a súa orixe toponímica na palabra “frailes”, xa que o río era coñecido como “río de frailes”, posto que no lugar do seu nacemento, a zona de O Busto, un nobre convertido a fraile construíu un pequeno mosteiro nesa zona do que actualmente non quedan restos.

A senda comeza na Praza de Alfredo Romay Besada (Samieira) e desde aí en dirección Sur encontramos o primeiro muíño da ruta (Muíño de Cubo de abaixo) e continuando a senda chegamos a “Fontemulleres” onde tamén se encontra o oco das campás. Volvendo á Praza de Samieira e continuando cara o Norte descubrimos os demais muíños. O primeiro quilómetro do percorrido discorre por Samieira, a partires de aquí encontramos a meirande parte dos máis de vinte muíños que están repartidos ao longo deste río en diferentes estados de conservación. Tras deixar atrás a área de “Xírome” entramos nunha franxa de bosque de ribeira que ascende ata o Foxo das vacas, a pesares do seu pequeno tamaño esta franxa de vexetación tan característica das marxes dos ríos aínda se mantén en bo estado de conservación.

Inicio: Plaza de Alfredo Romay Besada (Samieira)
Fin: Plaza de Alfredo Romay Besada (Samieira)
Distancia: 5,5 Km (Ida y vuelta)
Dificultad: Baja

La ruta de los molinos de Samieira es un recorrido por la historia del río Freiría que nos muestra un conjunto etnográfico formado por 23 molinos.

El nombre del río Freiría, también llamado “Rego dos Muíños”, tiene su origen en la palabra frailes, ya que el río era conocido como “río de frailes”, puesto que en el lugar de su nacimiento, la zona de “O Busto”, un noble convertido a fraile construyó un pequeño monasterio en esta zona del que actualmente no quedan restos.

El sendero comienza en la plaza de Alfredo Romay Besada (Samieira) y desde allí en dirección Sur encontramos el primer molino de la ruta (Molino de Cubo de abaixo) y continuando el sendero llegamos a “Fontemulleres”, donde también se encuentra el hueco de las campanas. Regresando a la plaza de Samiera y continuando hacia el norte descubrimos los demás molinos. El primer kilómetro de recorrido transcurre por Samiera, a partir de aquí encontramos la mayor parte de los más de veinte molinos que están repartidos por el cauce de este río. Después de dejar atrás el área de descanso de Xírome entramos en una franja de bosque de ribera que sube hasta el “Foxo das Vacas”. A pesar de su pequeño tamaño esta franja de vegetación característica de los márgenes de los ríos aún se mantiene en buen estado de conservación.



Muíño restaurado
Molino restaurado

Muíño sin restaurar
Molino sin restaurar

- 23 - Muíño de Arriba
- 22 - Muíño de Santiaguíño
- 21 - Muíño dos Carballos
- 20 - Muíño dos Cabanales
- 19 - Muíño de Campelo
- 18 - Muíño de Xirome
- 17 - Muíño da Ponte
- 16 - Muíño Novo
- 15 - Muíño de Catalina
- 14 - Muíño de Correa
- 13 - Muíño do Teselán
- 12 - Muíño de Cabezudo
- 11 - Muíño de Suárez



- 10 - Muíño Muíñeiro
- 9 - Muíño do Esperón
- 8 - Muíño da Espiga
- 7 - Muíño de Balboa
- 6 - Muíño do Barreiro
- 5 - Muíño da Loriña
- 4 - Muíño do Cego
- 3 - Muíño de Portas
- 2 - Muíño da Cancela
- 1 - Muíño de Cubo de abaixo



OS MUÍÑOS

Os muíños empregan a forza da auga para moer, a súa corrente move as pezas que se atopan na parte baixa da construción, que a súa vez fan xirar as dúas grandes pedras do interior, que son as que moen o gran, sexa de centeo, trigo ou millo, para convertilo en fariña.

Hai dous tipos fundamentais: os de rodicio, coa roda motriz horizontal (os máis antigos e abundantes) e os de bruaia, coa roda motriz vertical.

Os muíños eran lugares de encontro onde as longas horas de moenda, tanto polo día como pola noite convidaban a un ambiente festivo e de troula, que quedou reflectido na música popular nas muíneiras e nas cantigas.




Los molinos emplean la fuerza del agua para moler, su corriente mueve las piezas que se encuentran en la parte baja de la construcción, que a su vez hacen girar las dos grandes piedras del interior, que son las que muelen el grano, sea de centeno, trigo o maíz, para convertirlo en harina.



Hay dos tipos fundamentales: los de rodicio, con la rueda motriz horizontal (los más antiguos y abundantes) y los de bruaia, con la rueda motriz vertical.

Los molinos eran lugares de encuentro donde las largas horas de molienda, tanto por el día como por la noche invitaban a un ambiente festivo y de “troula”, que quedó reflejado en la música popular en las “muíneiras” y en las “cantigas”.



Partes do muíño	1 - Moega	4 - Capa ou moa	7 - Vara
Partes del molino	2 - Tarabelo	5 - Pé	8 - Rodicio
	3 - Quenlla	6 - Pexadoiro	9 - Canle

OFICINA DE TURISMO CASAL DE FERREIRÓS
 Avda. Andurique, 43 - 36163 San Salvador de Poio
 Telf.: 986 83 32 04 Fax: 986 87 17 50
 www.concellodepoio.es turismo@concellodepoio.es



Concello de Poio
 Concellaría de Turismo e Festexos



www.riasbaixas.org
 www.depo.es

